



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011.

Na súa primeira parte contrástanse estas actuacións coa estrutura de Eixes e Obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 (PEG), que supón unha proposta estratéxica xeral de impulso socioeconómico cara a converxencia coa media da UE a través dos programas de gasto orzamentarios.

Recóllese así mesmo a inserción da estratexia estrutural de cohesión da UE 2007-2013 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2011, mediante as anualidades do FEDER e FSE, en relación coa consideración de Galicia como rexión española incluída no Obxectivo “Converxencia”, así como as relacionadas co Obxectivo de “Cooperación Territorial Europea”. Inclúese tamén o detalle presupostado do FEAG para o ano 2011.

Coa mesma finalidade expóñense as políticas sectoriais 2007-2013 da UE para o medio rural e a pesca, a través do FEADER e do FEP respectivamente, así como as prioridades de gasto elixidas por Galicia para o ano 2011.

Nunha segunda parte analízase o gasto estratéxico poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre programas e as medidas e actuacións fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

